



Adeus á misión en Malawi

María Teresa Andrade Pérez¹

Revista *Encrucillada*.

Queridos amigos da Revista *Encrucillada*, paz e ben para todos.

Son unha misioneira galega que durante anos traballei en Malawi, desde 1986 ata o 2000, no que regresei a Madrid como Vigaira Xeral da miña Congregación. Despois de 18 anos dedicada a tarefas de animación das nosas irmás misioneiras en diferentes países: India, Colombia, Italia, Malawi, Honduras e Alemaña, en 2018 regresei de novo á miña querida misión de Malawi. Alí atopeime coa vosa Revista.

Quero comunicarvos que o 26 de xuño deste ano regresei definitivamente a España. Con isto, pecho unha etapa da miña vida, a máis maravillosa que Deus me regalou. Cheguei como pobre a un país pobre de África, pero regresei como multimillonaria. Os pobres enriquecéronme e ensináronme que non todo na vida, nin case nada, está no diñeiro, nin en tantas cousas que se venden e compran, baleiras de sentido.

Co meu regreso a España, pechei 35 anos de vida misioneira. Xa non quedan misioneiras españolas na miña comunidade de Chezi.

¹ O pasado mes de xullo chegou á nosa redacción esta carta de María Teresa Andrade Pérez, misioneira de María Mediadora en Malawi. María Teresa coñecera a nosa revista a través duns voluntarios que estiveran na súa casa de misión montando uns equipos electrónicos. Nin que dicir ten que lle imos seguir enviando a revista ao seu novo destino. Grazas á xenerosidade das persoas que aboan subscricións de apoio, somos quen de facer chegar a nosa revista ás persoas que traballan a prol da Igrexa tanto aquí coma en terras de misión.